



II ENCONTRO INTERCLUBES

C. A. Redondela – Pinarium

Domingo, 30 de maio de 2021. Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra.

Organizan: Club Deportivo Pinarium e Club Atletismo Redondela.

Colaboran: Concello de Pontevedra, CGTD, Federación Galega de Atletismo.

PROGRAMA: (modificacións 17/05/21)

C.Ch.	Hora	Proba	C.Ch.	Hora	Proba
10:00	10:30	Peso 2kg/3kg Sub12/Sub14 Mixta. Grupo A	11:30	12:00	Lonxitude Absoluta Mixta
10:05	10:35	Triplo Absoluta Mixta	11:45	12:00	300m. Sub16 Masc. Final B
10:10	10:30	300m.v. Sub16 Fem.	11:50	12:05	1.500m. Absoluta Fem.
10:25	10:40	80m. Sub14 Fem.	11:59	12:14	1.500m. Absoluta Masc.
10:30	10:45	80m. Sub14 Masc.	12:09	12:26	110 m.v. Sub18 Masc.
10:35	10:50	50m. Sub8-Sub10 Fem. Final A	12:05	12:30	Altura Absoluta Mixta
10:40	10:55	50m. Sub8-Sub10 Fem. Final B	12:19	12:32	500m. Sub10 Fem.
10:45	11:00	50m. Sub8-Sub10 Masc. Final A	12:24	12:39	500m. Sub10 Masc.
10:50	11:05	50m. Sub8-Sub10 Masc. Final B	12:31	12:46	500m. Sub12 Fem. Final A
10:55	11:10	60m. Sub12 Fem. Final A	12:38	12:53	500m. Sub12 Fem. Final B
11:00	11:15	60m. Sub12 Fem. Final B	12:45	13:00	500m. Sub12 Masc. Final A
11:05	11:20	60m. Sub12 Masc. Final A	12:52	13:07	500m. Sub12 Masc. Final B
11:10	11:25	60m. Sub12 Masc. Final B	12:59	13:14	500m. Sub14 Fem.
11:07	11:30	Peso 4kg/5kg/6kg/7,26kg. Dende Sub16 Mixta. Grupo B	13:05	13:20	500m. Sub14 Masc.
11:17	11:32	150m. Sub14 Fem.	13:11	13:26	100m. Absoluta Fem. Final A
11:22	11:37	150m. Sub14 Masc.	13:16	13:31	100m. Absoluta Fem. Final B
11:30	11:45	300m. Sub16 Fem. Final A	13:21	13:36	100m. Absoluta Masc. Final A
11:35	11:50	300m. Sub16 Fem. Final B	13:26	13:41	100m. Absoluta Masc. Final B
11:40	11:55	300m. Sub16 Masc. Final A			

Organizan: Dep. Pinarium e Club Atletismo Redondela.

Táboa técnica informativa das carreiras de valados:

Proba	Nº valos	Altura	Distancia saída ao 1º valo	Distancia entre valados	Distancia derradeiro valo a meta
300m.v. Sub16 Fem.	7	0,762	50,00	35,00	40,00
110m.v. Sub18 Masc.	10	0,914	13,72	9,14	14,02

- ✓ Ao ser unha competición interclubes, priorizarase aos atletas dos Clubes organizadores e o Clube colaborador Atl. Rías Baixas.
- ✓ Inscripcións na extranet da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata o martes 25 de maio.
- ✓ LÍMITE DE PARTICIPACIÓN: **Carreiras:** 8 atletas en cada serie; **Concursos:** 5 homes e 5 mulleres en cada un.



- ✓ Na **Cámara de Chamadas** recollerase o dorsal no momento de cada proba. Non se entregarán alfinetes.
- ✓ **Cadencia do salto de Altura:** 0,90 - 1,00 - 1,10 - 1,20 - 1,30 - 1,35 - de 3 en 3cm.
- ✓ No salto de **Lonxitude** colocaranse a **táboa** a 1 e 3 metros; no **Triplo** a 6, 8 e 10 metros.
- ✓ No lanzamento de **Peso** poderanse **variar as categorías dos grupos** en función da inscrición.
- ✓ **Restrinxirase o acceso do público.** Estarase na instalación o estrictamente necesario. **Os atletas prebenxamíns/Sub8, poderán acceder cun acompañante maior de idade. As peticións de acreditacións** dirixiranse a atleriasbaixas@gmail.com, ata o xoves 27 de maio. Non se excederá o límite de persoas na instalación. Procurarase manter en todo momento a distancia de seguridade. Deberán asinar a Declaración de Responsabilidade, onde, entre outras cousas, comprométese a cumprir o Protocolo de Actuación Covid-19.
- ✓ Seguirase o protocolo de actuación pola pandemia da Covid-19 da Organización (ver anexo) e da Federación Galega de Atletismo: <https://atletismo.gal/wp-content/uploads/2020/12/FISICOVID-DXTGALEGO-ATLETISMO-0312202015.pdf>
Especialmente que non pode participar quen competira ao menos 7 días antes e que o atleta asine a Declaración de Responsabilidade, onde, entre outras cousas, comprométese a cumprir o Protocolo de Actuación Covid-19.
- ✓ A competición poderá suspenderse en función da situación sanitaria.
- ✓ Nas carreiras, o atleta competirá sen a máscara, a cal quitarase no momento da saída; daráselle outra na meta. Nos concursos o atleta poderá facer cada intento (na competición ou no queceamente) sen a máscara.





- ANEXO -

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO II ENCONTRO INTERCLUBES Pontevedra, 30/05/21

Detállanse as medidas a ter en conta para que a competición se desenvolva dentro dos criterios sanitarios evitando así situacións de posibles contaxios da COVID-19; según o estipulado pola Secretaría Xeral para O Deporte na súa resolución de 15 de xuño de 2020, publicada no DOGA o 19 de xuño; as diferentes resolucións da Xunta de Galicia de medidas de prevención; o Protocolo básico de actuación da Federación Galega de Atletismo e o Protocolo básico de actuación do Centro Galego de Tecnificación Deportiva (CGTD).

O acceso a instalación farase pola entrada principal do CGTD, mantendo a distancia de seguridade de 1,5 metros entre persoas e seguindo as indicacións do persoal do Centro e a sinalética posta ao efecto (haberá persoal da organización para o control do acceso). Accedendo a grada a través do parking (parte sur) e abandoando a grada polo pasillo interior (parte norte); non podendo circular ninguén en sentido contrario a este circuito.

Restrinxirase o acceso ao público. Estarase na instalación o tempo estritamente necesario. Ademáis do persoal imprescindible (atletas, xuíces, organización), poderán acreditarse un acompañante menor de idade de cada atleta Sub8/Prebenxamín e 30 persoas por cada Clube organizador e colaborador, ata un máximo de 90 persoas.

Soamente poderase estar na grada; estarase sempre sentado, coa máscara posta correctamente e non se poderá mover do seu sitio, salvo causa xustificada, (haberá persoal da organización para controlar as persoas da grada). Excepcionalmente poderán estar preto das zonas de concurso, os entrenadores.

Establecerase unha espazo para prensa, con líquido hixienizante; os fotógrafos e operadores de cámara poderán acceder a pista.

É obrigado por todos a utilización da máscara hixiénica ou cirúrxica de forma correcta, tapando nariz e boca, durante a competición; a excepción dos atletas que estén competindo, según o estipulado no Protocolo da FGA. O persoal da organización informará constantemente do uso da máscara e o mantemento da distancia interpersonal de 1,5 metros.

Na contra recta habilitarase a cámara de chamadas. Se abrirá o portalón de acceso a rúa José Malvar e Figueroa para que os atletas poidan saír a quentar (porase eiquí persoal para o control de acceso). O acceso a cámara de chamadas dende a grada farase polo pasillo entre a pista e o edificio da Residencia do CGTD. Para abandoar a cámara de chamada ou ben polo portalón ou polo pasillo entre o edificio do ximnasio e centro médico e a pista. Non se poderá circular por estas medias lúas en outra dirección.

O dorsal recollerase na cámara de chamadas no momento de acceso a ela de cada proba. Respetando a distancia de seguridade cos xuíces e persoal a cargo do reparto e certificar o cumprimento do trámite da cámara de chamadas, que se servirá de luvas e líquido hixienizante.

Para poder competir é necesario asinar a Declaración de Responsabilidade que establece o protocolo da FGA; Declaracións que se entregarán á organización.

Haberá luvas e máscaras e líquido hixienizante, na cámara de chamadas, na meta, na grada e na Secretaría e as zonas que requiran os xuíces para a súa labor.



Todo o material que se comparta estará debidamente desinfectado antes do seu uso por outra persoa.

No protocolo de premiación establecerase sempre coa distancia interpersoal de seguridade; a entrega de calquer material ou flores farase sobre unha bandexa para que non hai contacto físico simultáneo co material. O persoal de organización que deposite o material na bandexa farano con luvas e terá a súa disposición líquido desinfectante. Non haberá saudos mediante contacto físico.

Haberá produto desinfectante para as saídas das carreiras.


Entregaranse máscaras aos atletas unha vez que cheguen a meta.

A organización estará a disposición tanto dos servizos médicos, como da persoa nomeada pola FGA para supervisar o protocolo sanitario e o persoal do CGTD; para que en todo momento se sigan as medidas sanitarias adecuadas.

Para o uso de vestiarios por parte dos atletas e xuíces estarase ao que dispoñan as normas e o persoal do Centro.

Para o uso dos baños do Centro estarase ao que dispoñan as normas e o persoal do Centro.

Aos espazos reservados para a organización da competición como: Secretaría, cámara de chamadas, zona de quecemento, zona de competición ou calquera espazo delimitado; so poderá acceder o persoal autorizado.



CROQUIS DO MOVEMENTO DAS PERSOAS NA GRADA.

Nota: Para ir da grada a cámara de chamadas, irase polo pasillo interior ata o parking e de alí a cámara de chamadas.

Para o desenvolvemento da propia competición seguirase o Protocolo básico de actuación da Federación Galega de Atletismo.



No caso de que no transcurso da competición unha persoa teña sintomatoloxía do virus SARS-CoV2, deberá informar de xeito inmediato ao servizo galego de saúde ao teléfono: 900 400 116; en caso grave ao 061. Neste senso considérase sintomatoloxía do virus SARS-COV2: febre, tose seca e cansanzo; así como perda do sentido do olfato e gusto sen conxestión nasal.

Pode haber outros síntomas atípicos e pouco frecuentes como pode ser dor de garganta, perda do gusto ou olfacto e dores musculares. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.

En caso de detección dun positivo por COVID-19, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. Deberá de procederse ao aillamento nun local pechado, á colocación de máscara hixiénica ou cirúrxica e aviso ao 061. En todo caso procederase á limpeza e desinfección das instalacións deportivas.

É importante para evitar situación de risco de contaxio: levar máscara posta, manter a distancia mínima de 1,5 metros entre persoas, non tocar cas mans a cara ou superficies susceptibles de ter carga vírica (pomos, interruptores, mesas, manillas, pasamáns); e limpar frecuentemente as mans con auga e xabón.

O persoal da organización informará constantemente destas normas.

O incumplimento destas normas se porá en coñecemento da autoridade ou organismo competente por se pode ser constitutivo dun delito, situación disciplinaria ou multa.


CARTELERÍA A UTILIZAR

- Información as persoas da grada.
- Sentido único de circulación de persoas e acceso aos diferentes espazos.
- Información a persoas na cámara de chamadas.
- Mantén a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros

Usar sempre a máscara.



DISPOSICIÓN DA PISTA DE ATLETISMO: ESPAZOS IMPORTANTES E MOVIMENTO DAS PERSOAS, OBRIGADOS POLA COVID-19



A dirección das flechas negras é o obrigado sentido de circulación. Non se permite circular en sentido contrario.
 (P.e. O acceso desde a grada á cámara de chamadas efectuaráse pasando polo pasillo interior e o espazo aberto, para ir pola curva sur).